

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 8:05:48

SAIDA


1382/22




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 188/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 22 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 22 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de identificación dos integrantes da Comisión Provincial de Ourense de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na COVID-19, copia da documentación e comunicacións da dita Comisión cos casos dos seus fillos e copia da notificación transmitida pola Comisión informándolles de que a sesión do 18 de xaneiro de 2021 se incluíron os casos dos seus fillos e copia do informe médico relativo a unha persoa convivente con ela.

A reclamante indicaba que non recibira resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 24 de novembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 14 de decembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, faise constar que como indica a reclamante na súa solicitude de información pública, o 13 de outubro de 2021, en contestación a unha solicitude súa anterior, a unidade competente da Consellería remitiulle unha copia íntegra de toda a documentación e comunicacións da Comisión Provincial de Seguimento (CPS) de Ourense que gardaba relación cos casos dos seus fillos.

Polo que se refire á copia da suposta notificación transmitida pola CPS de Ourense informándolle de que tal sesión ía ter lugar o 18 de xaneiro de 2021, esa notificación non se realizou, dado que tal comunicación non está prevista na Orde do 13 de novembro de 2020 pola que se crean as comisións provinciais de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na COVID-19. A dita orde unicamente prevé a posible participación de representantes doutros órganos, institucións ou administracións públicas, cando poidan achegar elementos de xuízo relevantes na valoración dos casos. Lémbrese que é durante a tramitación do *Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia* cando participa a familia do alumnado ao longo das entrevistas que se realizan co centro educativo e que este é o expediente remitido á CPS correspondente para a súa valoración.

A mesma consideración faise respecto da solicitude da copia do informe médico relativo á persoa que convive coa reclamante, dado que o que consta no expediente analizado pola CPS de Ourense é o achegado pola propia reclamante na tramitación do Protocolo de absentismo escolar dos seus fillos no centro educativo.

En canto á copia da notificación ou información transmitida pola CPS de Ourense informando do resultado da sesión do 18 de xaneiro de 2021 en relación aos fillos da reclamante, indica que tal comunicación non se realizou xa que o traslado de dita información non está prevista na Orde citada, que unicamente prevé a elevación do expediente ao Ministerio Fiscal, a través da xefatura territorial de Educación, por apreciación dunha posible situación de vulnerabilidade para o/a menor.

O ditame da CPS comunicóuselle de xeito verbal pola unidade competente da Consellería ao centro educativo, que seguidamente comunicoulla de xeito tamén verbal á reclamante.

Respecto das solicitudes de identificación das persoas integrantes da CPS de Ourense que se reuniu o 18/01/2021, a Consellería remite a relación das mesmas, facendo constar que na mencionada xuntanza os membros da comisión examinaron toda a documentación derivada pola xefatura territorial, composta polo expediente do *Protocolo educativo para a prevención*

e control do absentismo escolar en Galicia tramitado no centro educativo e cun informe da inspección educativa.

Considera a Consellería que actuou en todo momento con estrito cumprimento do previsto na Orde citada e que a decisión que se acadou na xuntanza da CPS de Ourense do 18/01/2021 foi en base exclusivamente á documentación incluída no expediente do protocolo de absentismo tramitado no centro educativo, que era coñecida pola reclamante e que se lle reiterou na contestación do 13/10/2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas

contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non resolveu expresamente a solicitude de acceso á información presentada, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou da Consellería a remisión dunha serie de documentación referente ao seguimento de situacións de absentismo escolar con orixe na Covid-19. Por parte da Consellería, consta remitido o 13 de outubro de 2021 (data anterior á presentación da solicitude), copia do expediente elevado á Comisión Provincial de Ourense de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con posible orixe no Covid-19 que gardaba relación cos casos dos seus fillos e copia do expediente de solicitude de matrícula.

Respecto da solicitude da copia do informe médico relativo á persoa que convive coa reclamante, non procede o seu envío pola Consellería, dado que de acordo co informe, a documentación que consta no expediente analizado pola CPS de Ourense é o achegado pola propia reclamante na tramitación do Protocolo de absentismo escolar dos seus fillos no centro educativo.

En canto á solicitude de copia da notificación transmitida pola CPS de Ourense informándolle de que tal sesión ía ter lugar o 18 de xaneiro de 2021, de acordo co informe da Consellería, esta comunicación non se realizou, polo tanto é unha información que non existe. Non consta sen embargo que a Consellería comunicase á interesada este feito, polo que debe comunicárselle expresamente a inexistencia da información solicitada.

Respecto das solicitude de identificación das persoas integrantes da CPS de Ourense que se reuniu na referida data, a Consellería remite esa información no informe remitido a esta Comisión, pero non consta que lla remitise á interesada, polo que procede a realización da dita comunicación, abrindo si se considera oportuno, período de audiencia aos mesmos, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, e resolvendo o que proceda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 22 de novembro de 2021, contra a desestimación da súa solicitude presentada ante a Consellería de

Cultura, Educación e Universidade, sobre actuacións e documentación referida á Comisión Provincial de Ourense de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na COVID-19.

Segundo: Instar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información de acordo co fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.01.26 13:56:26 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.